



**COLEXIO SAN NARCISO**

**PP. PAÚLES**

**Teléfono (986) 88 14 08**

**36900 MARIN (Pontevedra)**

**DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

**PLAN DE TRABAJO ANUAL**

**CURSO 2008-2009**

## **Índice.**

	<b><i>Pax.</i></b>
<b>1. PRESENTACIÓN</b>	<b>3</b>
<b>2. ORGANIZACIÓN.</b>	<b>3</b>
<b>3. PRINCIPIOS de ACTUACIÓN</b>	<b>4</b>
<b>4. LIÑAS DE ACTUACIÓN</b>	<b>5</b>
<b>5. PRIORIDADES ESPECÍFICAS NOS ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN</b>	<b>6</b>
<b>6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DOS PLANS</b>	<b>14</b>

## 1. PRESENTACIÓN

O Departamento de Orientación constitúe, dentro do centro, o garante de que a orientación, entendida como proceso colaborativo e ecolóxico que inclúe a toda a comunidade educativa e que comeza no momento da escolaridade e remata ao finalizar as ensinanzas impartidas nel, forma parte esencial da actividade educativa e de que se establece unha vía de asesoramento permanente ao profesorado, alumnos e ás familias

Desenvolve as súas funcións nos ámbitos relacionados coa:

- Orientación organizativa: proceso de axuda na elaboración e desenvolvemento do Proxecto Institucional do centro, en particular do PCC.
- Orientación académica ou escolar: proceso de axuda ao suxeito para mellorar o seu rendemento académico e adaptación ao centro.
- Orientación profesional para a carreira: proceso de axuda ao suxeito para elixir e prepararse cara a unha profesión elixida.
- Orientación persoal: proceso de axuda ao suxeito para coñecerse a si mesmo, para resolver en por si os seus problemas.
- Orientación familiar: proceso de axuda á familia na educación dos seus fillos.

A súa labor anual concrétase neste Plan de Traballo que é o instrumento de planificación unitario e coherente, que seguindo a normativa vixente, recolle e sistematiza toda a actividade que o departamento levará a cabo, compartindo tarefas e colaborando con todos os implicados na comunidade educativa, nos seus ámbitos propios de actuación:

- Plan de Acción Titorial. PAT
- Plan de Atención á Diversidade. PAD
- Plan de Orientación Académica e Profesional. POAP
- Colaboración no desenvolvemento do Proxecto Institucional

Abrangue todas as etapas que se imparten no centro e as actuacións desenvólvense maioritariamente nos plans correspondentes de cada ámbito e que están inxeridas no Plan de Orientación.

## 2. ORGANIZACIÓN.

O departamento funcionalmente organízase en dous subdepartamentos, Secundaria e EI-EP, coodinados polo xefe do departamento, con directrices comúns e cun calendario e orde do día propios.

Para desenvolver o presente Plan Anual 2008-2009 o Departamento está composto polos seguintes membros:

- ❖ Xefe do Departamento: Juan Carlos Piñeiro Rosales (Orientador)
- ❖ Profesora de AL / PT de EI-EP: Maria Antonia Dopazo
- ❖ Coordinador de 2 Bacharelato: Adolfo Caamaño Vázquez
- ❖ Coordinador de 1º Bacharelato: Joaquín Nieto Pol
- ❖ Coordinador de 4º ESO: Héctor Silveiro Fernández
- ❖ Coordinador de 3º ESO: Juan Carlos Vázquez
- ❖ Coordinadora de 2º ESO: María Pintos Dopazo
- ❖ Coordinador do 1º ESO Eso: Darío Suárez Pérez
- ❖ Coordinador do 3º Ciclo EP: Laureano Rodríguez Soto
- ❖ Coordinador do 2ª Ciclo EP: Victoria Avendaño
- ❖ Coordinadora do 1º Ciclo de EP: Mª Jesús Rodríguez Rosales
- ❖ Coordinadora de EI: Ana Rodríguez

### ***As reunións previstas:***

- ❖ Reunións extraordinarias: Na E.P e na ESO, unha ao comezo do curso para traballar sobre as propostas dos plans do departamento presentadas polo orientador. Elaboración e presentación ao Claustro. Outra na última quincena de maio para a realización da memoria.
- ❖ Unha reunión ordinaria mensual, tanto na EP coma na ESO, en mércores os días fixados pola xefatura de estudos. Sen prexuízo do anterior as necesarias segundo o desenvolvemento do curso. Cos titores das distintas seccións aproveitarase o horario da titoría non presencial cos alumnos para tratar temas puntuais e para o seguimento e avaliación dos Plans.
- ❖ Coa profesora de AL/PT, unha semanal, pero haberá colaboración e intercambio de información continuada para a coordinación na atención ás necesidades do alumnado.
- ❖ Estas reunións, máis as da CCP, dados os temas nela a tratar e que todos os membros do Departamento son membros da Comisión, operativamente farán de reunións do Departamento.
- ❖ As conxuntas co Equipo Directivo e/ou cos Xefes de Estudo segundo fixen na súa planificación ou por necesidades puntuais.

A responsabilidade e labor de cada membro derívase do que establece a lexislación con respecto ao cargo docente que o fai membro do departamento, sempre entendida no máis amplo senso de compromiso común. O mesmo é de aplicación ao Departamento como órgano. Están fixadas no RRI e especificadas no Plan de Orientación do centro.

### **3. PRINCIPIOS de ACTUACIÓN**

Polo seu carácter global, a maioría das funcións do departamento, só se poden desenvolver compartindo tarefas e colaborando cos demais departamentos, cos órganos de goberno e profesorado como queda preceisado no Plan de Orientación. A práctica educativa pon de manifesto que as accións de coordinación debene estar garantidas, e concretadas de maneira realista, para que se poidan levar a cabo. Ao respecto precisamos estes vicios de coordinación e traballo colaborativo interdisciplinar:

- A coordinación do orientador co equipo directivo é indispensable; as funcións do departamento de orientación e do orientador están relacionadas con ámbitos moi importantes da organización e funcionamento do Centro. Para que esa coordinación sexa efectiva, propónse un período semanal coincidente fixado nos horarios de todos os implicados.
- As horas adicadas a coordinación e reunións cos titores referiranse aos aspectos de colaboración coas xefaturas de estudos, que son os coordinadores do plan de acción tutorial, fixadas na normativa vixente.
- Para que a atención á diversidade sexa unha actuación global que implica á todo o profesorado e a comunidade educativa no seu conxunto, funcionará a Comisión de Coordinación Pedagóxica e no seu marco os xefes dos departamentos didácticos farán efectiva a elaboración e revisión das medidas establecidas no PAD e nos distintos documentos do Proxecto Institucional.
- Precisar a coordinación e instrumentos para facela operativa entre o profesorado de apoio e os titores dos grupos de referencia de cada un dos alumnos atendidos para mellorar o grao de integración do alumnado, así como garantir un proceso de avaliación que valore adecuadamente tanto o progreso realizado como o nivel curricular alcanzado.

- A reunión preceptiva dos membros especialistas do departamento adicarase, alomenos unha vez ao mes, á posta en común e avaliación das actuacións levadas a cabo polos distintos compoñentes dende a perspectiva dos seus programas respectivos: alumnos atendidos, nivel de progreso, carenzas e necesidades, casos de especial gravidade, coordinación cos titores, implicación dos equipos educativos... Ese coñecemento compartido e o intercambio de experiencias que comporta terá a finalidade da mellora permanente das actuacións específicas e para asumir colexiadamente as funcións do departamento, relacionadas coa orientación educativa e a atención a diversidade no marco do Proxecto Institucional. O resto das reunións, de acordo coa planificación e a orde do día que se estableza dende a xefatura do departamento, abordará temas xerais ou adicarase a temas monográficos, e segundo a necesidade, poderá reunirse xuntos todos os compoñentes ou por niveis ou perfís para ocuparse de temas específicos. En todo caso, o xefe do departamento aportará a necesaria visión de conxunto que da coherencia ao plan do departamento nos distintos ámbitos.
- O orientador, e o Departamento no seu conxunto, apoiará e colaborará decididamente co profesorado no desenvolvemento da súa función titorial complementando a súa labor, pero en ningún caso, sustituíndoa. Seguirase incidindo na concienciación do profesorado na súa responsabilidade e obriga neste ámbito tal como determinan as funcións do profesorado. Asemesmo, traballarase na liña de que sexa o conxunto do equipo educativo o que se responsabilice de apoiar ao alumno no seu desenvolvemento, orientación e aprendizaxe.
- Fíxase unha reunión de coordinación mensual cos Departamentos de Orientación do entorno.
- Asistirase as reunións de traballo e coordinación dos servizos sociais, de saúde e calquera outro organismos ou entidade que poida colaborar co Centro.

#### 4. LIÑAS DE ACTUACIÓN

Cos datos da retroalimentación das memorias dos titores e do propio departamento, das directrices do Equipo Directivo e da CCP, e da contextualización da Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Centros e Ordenación Educativa e de Formación Profesional e de Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións sobre actuacións e accións prioritarias ata finalizar o período de implantación da LOE, articulamos o plan nestas liñas de referencia:

1. Actuacións referidas á actualización e elaboración dos distintos documentos que integran o **Proxecto Educativo do Centro**. Asesoramento e elaboración, no ámbito das competencias do Departamento, na elaboración do proxecto educativo.
2. Actuacións en relación á promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos no marco da escola plural: participación a través do xefe do departamento no **Observatorio de Convivencia** na diagnose inicial do estado da convivencia no centro, no deseño do consecuente plan de mellora en no desenvolvemento de accións específicas.
3. Actuacións que teñen como eixo nuclear o desenvolvemento do **plan de acción titorial**, en especial o asesoramento referido a:
  - Aspectos organizativos e de xestión da acción titorial.
  - A convivencia inxerida no PAT.
  - Desenvolvemento das competencias básicas dende a acción titorial.
  - Propostas de incorporación de contidos relacionados coa aprendizaxe emocional, a dinámica de grupos e a igualdade real entre homes e mulleres.

4. Actuacións que teñen por obxecto a colaboración na planificación e desenvolvemento do **plan de atención á diversidade**:
- Identificación temperá de necesidades.
  - Revisión-modificación das medidas de atención posibles para avanzar na prevención dos problemas de aprendizaxe e na loita contra o fracaso escolar.
  - Mellora dos canles de coordinación que faciliten o tránsito do alumnado entre ciclos e etapas e dos que se incorporan de novo ao centro.
5. Actuacións concretas referentes á **orientación vocacional e profesional**.
- Asesoramento xeral de saídas profesionais e elección vocacional.
6. Actuacións referidas á **formación permanente**, á investigación, á experimentación e á innovación.
- Colaboración na detección de necesidades de formación permanente do profesorado do centro e dinamización da participación dos membros do departamento en proxectos e programas de innovación.
  - Participación na formación permanente dos orientadores e orientadoras, nas diferentes modalidades formativas, así como en proxectos europeos de mobilidade.
  - Participación na recompilación de recursos e materiais de apoio: páxinas web, materiais impresos, experiencias de centros, etc., que estea a disposición do profesorado do centro para a súa consulta.
  - Actualización permanente da páxina web do propio departamento como medio principal de participación no punto anterior.
7. Actuacións que promovan unha maior **participación e implicación das familias** na vida do centro e na educación das súas fillas e fillos, dada a súa importancia como parte fundamental da comunidade educativa:
- Propostas de medidas encamiñadas a dinuír o absentismo escolar e o abandono temperán dos estudos.
  - Dinamización das canles de comunicación entre familias e escola, da implicación activa das familias nos órganos de participación do centro e no fomento da convivencia.
8. Actuacións que teñan por obxecto asesorar, informar e difundir entre o alumnado as ensinanzas de réxime especial (condicións de acceso, características, titulacións e oferta educativa).

## 5. PRIORIDADES ESPECÍFICAS NOS ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN

Fixamos como obxectivos nucleares:

- Integrar as competencias básicas nos documentos PAT, POAP, PAD
- Potenciar as tarefas do titor.
- Desenvolver as propostas derivadas do Plan de Convivencia.
- Actualizar o POAP en función da normativa e estrutura fixada no colexio.
- Colaborar cos distintos departamentos na preparación das probas diagnósticas.

que dinamizan as prioridades nas seguintes dimensións:

### **En relación coa organización do propio departamento.**

<i>Obxectivos prioritarios.</i>	<i>Responsable</i>	<i>Implicados</i>
---------------------------------	--------------------	-------------------

1	Regular a periodicidade e a mellor funcionalidade das reunións do departamento	Xefe Dep.	Memb. D.O
2	Implementar a difusión e uso dos materiais e recursos elaborados porlo departamento a disposición de todos os estamentos do Centro a través de documentos e, especialmente, da web realizada con esa finalidade.	Xefe Dep Memb. D.O	Comunidade
3	Clarificación e análise das demandas e expectativas dos distintos estamentos do Centro ao respecto do Departamento.	Orientador AL/PT	Comunidade
4	Identificar áreas de mellora relacionadas cos ámbitos de actuación do Departamento e deseño de plans consecuentes.	Memb. D.O	Comunidade
5	Desenvolver e actualizar os diversos apartados da web de Departamento.	Xefe Dep.	Memb. D.O
6	Mellorar os recursos materias do Departamento, especialmente os multimedia.	Equipo Dir.	Xefe. Dep.

### **Actuacións:**

<b>Accións</b>		<b>Responsable</b>	<b>Implicados</b>
1	Elaboración e aprobación do Plan de Actividades do Departamento. Convocatorias de reunións con obxectivos relevantes.	Xefe D.O	Membros D.O
2	Elaborar propostas dirixidas ao Equipo Directivo e á CCP relacionadas coa actualización permanente dos documentos do Proxecto Institucional do Centro como consecuencia do desenvolvemento da LOE.	Xefe D.O	Membros D.O
3	Actualización dos arquivos e informes do Departamento.	Xefe D.O	
4	Creación de material informativo para implementar o coñecemento das funcións e tarefas do departamento e mellorar o aproveitamento dos materiais e recursos elaborados para a comunidade educativa: carteis e dípticos sobre a web do departamento e os seus apartados, cadernillos explicativos etc.	Xefe D.O	Comunidade
5	Seguimento e valoración trimestral do desenvolvemento do Plan Anual.	Xefe D.O	Membros D.O
6	Asistir e participar nas reunións de orientadores do entorno.	Xefe D.O	
7	Cursos de formación dos membros do Departamento en función de necesidades detectadas.	Xefe D.O	Membros D.O
8	Análise e avaliación final das tarefas desenvolvidas polo Departamento.	Xefe D.O	Membros D.O
9	Elaboración e aprobación da memoria final do Plan de Actividades.	Xefe D.O	Membros D.O
10	Deseñar o calendario de traballo do Departamento de cara ao inicio 09-10	Xefe D.O	Membros D.O

### **En relación co ámbito do plan de acción tutorial. PAT.**

Dende o marco teórico e a normativa actual que o desenvolve, consideramos a acción tutorial intrínsecamente vinculada á docente como conxunto de accións articuladas ao redor desta.

### **Obxectivos prioritarios**

<b>Obxectivos Xerais</b>	<b>Responsable</b>	<b>Implicados</b>
--------------------------	--------------------	-------------------

1	Promover a participación do Equipo Directivo, de goberno e de coordinación docente no deseño, desenvolvemento e avaliación da acción tutorial.	Orientador	E. Directivo Claustro, CCP
2	Colaborar directamente na organización global das funcións de orientación e tutoría, proponendo criterios e liñas de actuación prioritarias dentro do PAT do centro.	Orientador	E. Directivo
3	Coordinar as actividades titoriais asegurando a coherencia educativa no desenvolvemento das programacións dos distintos profesores do grupo e favorecendo a formación do titor para que poida desempeñar as funcións propias da forma máis axeitada ás características do grupo.	X. de Estudos Orientador	Titores
4	Favorecer a mellora continua da acción tutorial colaborando no desenvolvemento, seguimento e avaliación/valuación do plan do centro.	Orientador	E. Directivo Titores
5	Facilitar o seguimento e atención individual do alumnado en situación de risco por medio da acción tutorial personalizada.	Orientador	X. de Estudos Titores
6	Facilitar e colaborar cos titores no desenvolvemento do PAT, aportando recursos, criterios de actuación, asesoramento técnico e materias diversos.	Orientador	
7	Incrementar e mellorar os recursos dispoñibles no centro para o desenvolvemento da acción tutorial.	Orientador AL/PT	E. Directivo
8	Promover a colaboración dos pais na tarefa educativa que se desenvolve no centro.	Orientador	ANPA
9	Promover experiencias de innovación y mellora no ámbito da acción tutorial.	Orientador	X. de Estudos Titores
10	Mellorar de forma continua a calidade das accións que o Departamento desenvolve na acción tutorial.	Orientador	Membros D.O

<b>Obxectivos específicos para o curso.</b>		<b>Responsable</b>	<b>Implicados</b>
1	Colaborar estreitamente coa xefatura de estudos para que, partindo da análise das características de cada grupo, establecer respostas específicas dende a organización e os contidos da acción tutorial, especialmente cando se plantexen situacións de especial dificultade, debido, por exemplo, á presenza dalgún alumno con necesidades específicas de apoio educativo asociadas a trastornos de conducta.	X. de Estudos Orientador	Titores Equip.Docente
2	Seguimento e avaliación dos alumnos que reciben apoios específicos fóra do grupo de referencia. O titor servirá de ponte para a información e coordinación da actividade docente e avaliadora entre os profesores de apoio deses alumnos e os do grupo de referencia.	Titor Orientador AL/PT	Equip Docente
3	Promover dende as titorías o desenvolvemento de actitudes que favorezan a resolución pacífica de conflitos.	Departamento de Orientación	Equipo Directivo Equip.Docente
4	Integrar as competencias básicas no PAT	Departamento De Orientación	Titores

### Actuacións

<b>Accións de colaboración co Equipo Directivo</b>		<b>Responsable</b>	<b>Implicados</b>
1	Elaborar a planificación xeral de temas e tarefas a desenvolver ao longo do curso co Director e o X. de Estudos.	Orientador	Director X. de Estudos
2	Deseño e planificación xeral dos temas e procedimentos das reunións de titores ao longo do curso.	Orientador	X. de Estudos

4	Reunión periódica cos Xefes de Estudo para coordinar e seguir o desenvolvemento do PAT nas reunións cos titores.	Orientador	Xs.de Estudos
5	Colaborar co Xefe de Estudos na organización do proceso electoral de elección de delagados de curso.	Orientador	X. Estudos Titores
6	Colaborar co Equipo Directivo e cos titores no diagnóstico, tratamento e seguimento dos casos de especial gravidade que se poidan producir: conducta, absentismo...	Orientador	Equip.Directivo Titores
7	Participar co Equipo Directivo e cos titores na resolución de conflitos nos que resulte oportuna a intervención do Orientador.	Orientador	Equip.Directivo Titores
8	Participar nas sesións de avaliación da ESO colaborando cos Equipos Docentes na toma de decisións sobre as medidas educativas axeitadas para atender as necesidades grupais e individuais plantexadas.	Orientador	Titores Equip. Profe.
9	Colaborar na identificación de necesidades formativas dos titores para propoñer cursos de formación.	Orientador	X. de Estudos
10	Solicitar directrices á CCP para la elaboración do PAT e da memoria final.	Orientador	E. Directivo CCP
11	Elaborar a memoria final do PAT coa colaboración do X. de Estudos e titores coas propostas de modificacións.	Orientador	Titores X. de Estudos

<b>Accións de colaboración-atención aos titores</b>		<b>Responsable</b>	<b>Implicados</b>
1	Presentar aos coordinadores no comenzo do curso os eixos e accións esenciais do PAT.	Orientador	Titores X. de Estudos
2	Participar nas reunións de coordinación titorial convocadas polos Xefes de Estudo aportando asesoramento técnico, propostas concretas e materias que faciliten o desenvolvemento das titorías.	Orientador	Titores X. de Estudos
3	Facilitar aos titores o asesoramento e material que precisen para a adecuada realización das sesións semanais de titoría previstas ou que xurdan ao longo do curso por necesidade, actualidade, etc.	Orientador	Titores
4	Proporcionar aos titores de 1º ESO ao comenzo do curso información relevante dos alumnos que inician a etapa, especialmente dos que presentan máis necesidades educativa.	Orientador	Titores
5	Proporcionar a todos os titores ao comenzo do curso información relevante dos alumnos de nova incorporación ao centro.	Orientador AI/PT	Titores
6	Atender individualizadamente as demandas dos titores.	Orientador AI/PT	Titores
7	Participar cos titores na solución de conflitos que xurdan na seu grupo poñendo en marcha procesos de diagnóstico e tratamento: alternativas, acordos...	Orientador X. de Estudos	Titores Equi.Profesores
8	Colaborar cos titores no seguimento individual dos alumnos con dificultades de aprendizaxe ou que presenten dificultades de adaptación proporcionando os recursos e apoio necesario ao caso.	Orientador	Titores Equi.Profesores
9	Organizar charlas formativas sobre temas transversais a desenvolver na titoría grupal impartidas por colaboradores externos.	Orientador	X. de Estudos Titores
10	Colaborar cos titores na elaboración dos IAIs, actualizando modelos e información.	Orientador	X. de Estudos Titores
11	Colaborar cos titores na elaboración de informes extraordinarios de alumnos que se trasladen de centro.	Orientador	X. de Estudos Titores
12	Proporcionar aos titores instrumentos e procedimentos para a recollida de datos que faciliten a elaboración da memoria de titoría grupal: cuestionarios, modelo-guión da	Orientador	Titores

	memoria para o titor, etc.		
--	----------------------------	--	--

<b>Accións de colaboración-atención aos alumnos</b>		<b>Responsable</b>	<b>Implicados</b>
1	Atender as demandas de asesoramento e axuda que plantexen individualmente os alumnos, ven directamente ou indirectamente a traveso dos pais ou titores ou por propia iniciativa do Departamento..	Orientador	Alumnos
2	Intervención directa nas actividades de titoría grupal cando a temática ou as circunstancias o demande.	Orientador	Titor Alumnos
3	Facilitar información sobre actividades culturais e de lecer que se desenvolvan no entorno ao longo do curso e de posible interese para os alumnos, especialmente de Secundaria.	Orientador	Titores

<b>Accións de colaboración-atención aos pais</b>		<b>Responsable</b>	<b>Implicados</b>
1	Fixar cos titores criterios e procedementos de coordinación para dar resposta axeitada ás demandas de asesoramento que plantexen os pais nun proceso colaborativo e de compromiso no seguimento.	Orientador AL/PT	Titores
2	Atender as consultas e demandas que formulen os pais.	Orientador	Pais
3	Colaborar con el Equipo Directivo na organización e desenvolvemento das reunións de pais que se convoquen.	Orientador	Equi. Directivo Titores
4	Colaborar coa ANPA na organización de actividades formativas para pais sempre que o demanden.	Orientador	AMPA
5	Desenvolver en colaboración con distintos servizos externos charlas de interese educativo dirixidas aos pais e/ou alumnos.	Orientador	Concello

### **En relación co ámbito do plan de orientación académica e profesional. POAP.**

Orientación entendida como un proceso global que integra aspectos relativos ao desenvolvemento persoal, ós procesos de ensino-aprendizaxe e á toma de decisións e que inclúe a toda a comunidade educativa e que se desenvolve como unha medida xeral de calidade de atención á diversidade.

### **Obxectivos prioritarios**

<b>Obxectivos Xerais</b>		<b>Responsable</b>	<b>Implicados</b>
1	Promover a organización global das funcións de orientación académica e profesional que se desenvolven no centro apartando criterios e liñas de traballo prioritarias dentro do POAP.	Orientador	E. Directivo
2	Participar na mellora continua da orientación académica e profesional desenvolvida no centro, promovendo a avaliación das diversas actuacións.	Orientador	E. Directivo Titores
3	Favorecer a participación de todos os estamentos do centro no deseño dos plans con incidencia na orientación.	Orientador	E. Directivo Claustro, CCP
4	Facilitar o labor dos titores e do profesorado en xeral no desenvolvemento do POAP, aportando estratexias, recursos e criterios de actuación.	Orientador	Titores Profesorado

5	Incrementar e mellorar os recursos dispoñibles no centro para o desenvolvemento da orientación académica e profesional, especialmente no uso das TICs	Orientador	E. Directivo
6	Potenciar o seguimento e atención individual do alumnado cunha orientación académica e profesional personalizada.	Orientador	X. de Estudos Tutores
7	Desenvolver experiencias de innovación e mellora no ámbito da orientación académica e profesional.	Orientador	X. de Estudos Profesorado
8	Mellorar de forma continua a calidade das intervencións do Departamento de Orientación no ámbito da orientación académica e profesional.	Orientador	Membros do D.O

<b>Obxectivos específicos para o curso</b>		<b>Responsable</b>	<b>Implicados</b>
1	Favorecer a adaptación da comunidade educativa ás novidades que implica o desenvolvemento da LOE, dentro das funcións de asesoramento educativo que o Departamento de Orientación ten encomendadas.	Orientador	E. Directivo Profesorado
2	Colaboración cos tutores dos alumnos que presentan máis necesidades específicas de apoio educativo e coas súas familias para facilitar que o itinerario académico e profesional destes alumnos se axuste o máis posible ás súas capacidades e intereses.	Orientador	Tutores Familias
3	Seguir na liña de potenciar a a orientación do alumnado cara á elección responsable entre as diversas opcións que se lle presentan ao remate de cada etapa educativa sen ningún tipo de prexuízo ou discriminación.	Orientador	Tutores Alumnado
4	Actualizar os recursos do Departamento relacionados coa orientación, especialmente no relacionado coas TICs.	Orientador	

### Actuacións:

<b>Accións de colaboración co Equipo Directivo</b>		<b>Responsable</b>	<b>Implicados</b>
1	Reunión periódica co Equipo Directivo para coordinar e dinamizar as actuacións e iniciativas que se tomen no ámbito da orientación.	Orientador	E. Directivo
2	Colaborar con el Equipo Directivo e tutores na organización de charlas e visitas relacionadas coa orientación académica e profesional.	Orientador	E.Directivo Tutores
3	Solicitude de directrices á CCP para la elaboración do POAP e a súa memoria.	Orientador	E. Directivo CCP
4	Elaborar a memoria final do POAP coa colaboración da Xefatura de Estudos e propoñer as modificacións consecuentes.	Orientador	Tutores X. de Estudos

<b>Accións de colaboración-atención aos tutores e profesores</b>		<b>Responsable</b>	<b>Implicados</b>
1	Presentar ao comenzo do curso aos coordinadores os eixos básicos do POAP e as liñas xerais de actuación.	Orientador	X. de Estudos Tutores
2	Presentar as actividades de orientación a realizar ao longo do curso na hora semanal de tutoría grupal aos tutores e aportar os recursos necesarios para o seu desenvolvemento nas reunións de tutores que convoque a Xefatura de Estudos.	Orientador	X. de Estudos Tutores
3	Colaboración cos tutores na orientación personalizada, especialmente nos casos de alumnos en situación de desventaxa socio-educativa (do tipo que sexa).	Orientador	Tutores
4	Colaborar cos tutores de 3º e 4º ESO na elaboración do Informe Orientador facilitador da toma de decisións implícitas ao finalizar ese curso/etapa.	Orientador	Tutores X. de Estudos
5	Atención individualizada ás demandas de asesoramento dos tutores.	Orientador	X. de Estudos
6	Apoiar aos tutores no desenvolvemento de sesións de tutoría grupal dirixidas á orientación académica e profesional.	Orientador	Tutores X. de Estudos

7	Creación, actualización e facilitación dos recursos que o Departamento pon a disposición da comunidade educativa relacionados coa orientación, especialmente os que implican as TICs	Orientador	Titores Comunidade
---	--	------------	-----------------------

<b>Accións de colaboración-atención aos alumnos</b>		<b>Responsable</b>	<b>Implicados</b>
1	Atender as demandas de asesoramento e axuda que soliciten os alumnos.	Orientador	Alumnos
2	Facilitación de materiais informativo-orientativos aos alumnos en momentos puntuais do proceso orientativo e/ou cando eles os soliciten.	Orientador	Alumnos
3	Actualización permanente dos taboleiros de anuncios e da web do departamento con información actualizada sobre orientación académica e profesional.	Orientador	Alumnos

<b>Accións de colaboración-atención aos pais.</b>		<b>Responsable</b>	<b>Implicados</b>
1	Atención directa ás demandas de alumnos e pais relacionadas coa orientación: acción estudos, profesións, universidades...	Orientador	
2	Elaboración de información a proporcionar aos pais na reunión a celebrar en abril sobre as opcións académicas ao finalizar o curso.	Orientador	E. Directivo Titores

### **En relación co ámbito do apoio á atención á diversidade.**

Neste ámbito, o Departamento de Orientación ten como función principal a de colaborar co profesorado na elaboración de propostas relativas ao conxunto de medidas de atención á diversidade que se leven a cabo no Centro para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.

Mellorar os procesos de ensino-aprendizaxe do conxunto do alumnado supón colaborar en todos os niveis de planificación do centro recollidos no Proxecto Institucional. As actividades de apoio e asesoramento a estes procesos deben facerse dende a perspectiva psicopedagóxica e dos principios de atención á diversidade que permitan superar a compartimentación e separación do profesorado por especialidades e entenda que é o profesorado do centro no seu conxunto a quen lle corresponde a responsabilidade de ofrecer a resposta máis adecuada para cada alumno.

Neste enfoque, a planificación e aplicación de medidas de apoio fai precisa a colaboración entre os distintos departamentos e instancias do centro e en coherencia é necesaria a intervención do Equipo Directivo na coordinación do traballo que realicen os distintos implicados.

### **Obxectivos prioritarios**

<b>Obxectivos Xerais</b>		<b>Responsable</b>	<b>Implicados</b>
1	Claborar co equipo docente e o equipo directivo na elaboración de propostas e posta en marcha de medidas relativas á atención á diversidade para mellorar o proceso ensino-aprendizaxe seguindo o modelo de traballo que a LOXSE promoveu e a LOE actualiza.	Orientador AL/PT	E. Directivo Departamentos CCP
2	Prevención e erradicación do fracaso escolar de xeito que todos os nosos alumnos disfruten das mesmas oportunidades para o desenvolvemento e para o logro dos fins xerais da educación e das capacidades fixadas no currículo.	Orientador AL/PT	Comunidade

<b>Obxectivos específicos para o curso</b>		<b>Responsable</b>	<b>Implicados</b>
1	Darlle forma e colaborar no desenvolvemento e avaiación do PAD	Orientador	E. Directivo

			E. profesores
2	Detección de necesidades educativas, tanto do alumnado de novo ingreso como do alumnado do centro e a súa mellor adscripción ás distintas medidas de reforzo e apoio en función das necesidades de cada un e dos recursos dispoñibles.	Orientador AL/PT	Xs. estudo Tutores
3	Definir criterios claros, compartidos pola comunidade educativa e desenvolver procedementos e instrumentos eficaces para a determinación das necesidades.	Orientador	Xs. Estudo CCP
4	Colaborar co equipo directivo na análise e organización das medidas xerais de atención á diversidade recollidas na normativa vixente ao respecto.	Orientador	E. directivo
5	Asesoramento e apoio aos departamentos didácticos e aos profesores, especialmente aos das materias máis instrumentais, no desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.	Orientador AI/PT	Departamentos E. de profesores
6	Colaborar cos departamentos didácticos e equipos de ciclo na elaboración das distintas medidas específicas e extraordinarias previstas nas actuacións do centro para a atención á diversidade.	Orientador AI/PT	Departamentos E. de profesores
7	Participación conxunta do profesorado de apoio e reforzo e dos equipos docentes dos grupos de referencia no proceso de ensino-aprendizaxe e na avaliación dos alumnos que reciben atención específica.	Orientador Esp. D.O	Xs. Estudo E. de profesores

### Actuacións

<i>Accións de colaboración-asesoramento aos órganos do centro</i>		<i>Responsable</i>	<i>Implicados</i>
1	Formular propostas ao E. directivo sobre o calendario de traballo da CCP para que se contemplen axeitadamente as actuacións pedagóxicas que necesitan discusión e tramitación neste órgano.	X. D.O Orientador	CCP Director
2	Proporcionar procedementos e instrumentos para a realización de avaliacións diagnóstico-orientativas nos cursos que se propoñan.	Orientador Membros D.O	E. directivo E. profesores
3	Formular propostas en relación coas directrices para a elaboración das programacións didácticas das distintas áreas e materias.	X. D.O Orientador	CCP Director
4	Formular propostas para a mellora da coordinación no tratamento de problemas de convivencia, estudo, relacións... no ámbito do centro.	Orientador	CCP E. directivo
5	Propoñer criterios e procedementos para a organización de actividades de reforzo e apoio dirixidas aos alumnos con dificultades de aprendizaxe.	Orientador	CCP Director
6	Elaborar o PAT, PAD e POAP seguindo as directrices marcadas. Facer o seguimento e avaliación.	Orientador	Comunidade

<i>Accións de colaboración-asesoramento ao profesorado</i>		<i>Responsable</i>	<i>Implicados</i>
1	Desenvolvemento da avaliación inicial, especialmente en 1º ESO dada a súa importancia diagnóstica cara á Secundaria.	Orientador	Xs. Estudo Tutores
2	Facilitación do tránsito nas etapas educativas.	Orientador	Xs. Estudo Tutores
3	Axustes realistas das programacións didácticas e a adopción do currículo graduado nas distintas áreas.	Orientador	Xs. Estudo Departamentos
4	Colaborar no desenvolvemento de material que facilite a concreción de programacións adaptadas de aula.	Orientador	Departamentos
5	Aplicación da avaliación formativa, continua e criterial.	Orientador	Xs. Estudo Tutores
6	Favorecer que os departamentos didácticos especifiquen e apliquen de xeito realista nas súas propostas de traballo aspectos como: procedementos de avaliación, criterios de cualificación, mínimos por cursos, metodoloxía adecuada, medidas concretas de	Orientador	Xs. Estudo Departamentos

	atención á diversidade e de adaptacións curriculares.		
7	Colaborar nas medidas tomadas para incrementar os hábitos de estudo e técnicas de traballo intelectual reflectidas no PAT e inxeridas nas programacións didácticas dos distintos departamentos.	Orientador	Xs. Estudo Departamentos
8	Atención ás demandas propostas polos equipos docentes nas sesións de avaliación.	Orientador AL/PT	
9	Establecemento de criterios para realizar a avaliación e intervención psicopedagóxica cos alumnos que o precisen, que favorezan a participación do profesorado, o propio proceso e a aplicación das medidas educativas consecuentes.	Orientador	Titores Xs. de Estudos
10	Realización da avaliación psicopedagóxica a solicitude do titor dos alumnos que o precisen para obter información relevante para a toma de decisións educativas.	Orientador	Titores Xs. de Estudos
11	Actualización dos procedimentos e recursos empregados nas tarefas de avaliación psicopedagóxica mercando e elaborando novos materiais.	Orientador AL/PT	
12	Transmisión da información e orientación acerca dos resultados das avaliacións ordinarias e da avaliación psicopedagóxica.	Orientador	Titores
13	Colaboración cos titores e secretaría na elaboración dos informes de traslado do alumnado que cambie de centro.	Orientador	Titores Secretaría
14	Asistencia e participación nas sesións de avaliación dos grupos de alumnos facendo fincapé na normativa vixente sobre avaliación.	Orientador PT/AL	Titores

<b><i>Accións de colaboración-asesoramento aos alumnos</i></b>		<b><i>Responsable</i></b>	<b><i>Implicados</i></b>
1	Atención aos grupos de risco (non promocionaron, teñen materias pendentes ...). Planificación do seu traballo dende a titoría con compromiso explícito dos pais.	Orientador	Titores
2	Ofrecer o asesoramento puntual para os temas que se demanden.	Orientador	Titores
3	Resposta aos repetidores e alumnos con materias pendentes. En coordinación coa xefatura de estudos e dos departamentos didácticos farase ao longo do curso un seguimento destes alumnos.	Orientador	Xs. estudos Titores

<b><i>Accións de colaboración-asesoramento aos pais</i></b>		<b><i>Responsable</i></b>	<b><i>Implicados</i></b>
1	Facilitación de información relevante e orientacións derivadas dela sobre as dificultades identificadas nos seus fillos.	Orientador	
2	Avaliación dos casos demandados.	Orientador	
3	Atención a todas as demandas que se soliciten.	Orientador	

## 6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DOS PLANS

As actividades de avaliación formativa de cada un dos ámbitos están encamiñadas a:

- Valorar o grao de consecución dos obxectivos fixados.
- Obter información relevante das características do contexto socioeducativo do alumnado.
- Mellorar as intervencións nos ámbitos de competencia e psicopedagóxica en xeral usando a reactualización informativa para rexir ou adaptar os plans de cara a unha mellor calidade.

A tal fin establécense unha serie de indicadores de avaliación relacionados cos distintos ámbitos de traballo. Utilizaremos os datos suministrados por:

- Persoas implicadas no seu deseño e/ou desenvolvemento: departamento, titores, profesores.

- Destinatarios: profesores, alumnos, pais.

Os instrumentos básicos para a recollida de datos serán:

- Intercambios orais
- Escalas, cuestionarios e indicadores específicos para cada ámbito. Memorias.
- Entrevistas con implicados.

Como criterios de avaliación para determinar a calidade do Plans consideraremos os seguintes aspectos:

- Adecuación do Plans ás necesidades reais do Centro
- Logros acadados co referente dos obxectivos previstos
- Adecuación da temporalización
- Nivel de colaboración e participación dos distintos estamentos da comunidade educativa
- Grao de implicación dos responsables no seu desenvolvemento

Cos datos recollidos trimestralmente elaborárase a memoria final de curso que recollerá a análise e valoración dos seguintes aspectos:

- Os procedimentos seguidos na elaboración, seguimento e avaliación do plan.
- As actuacións seguidas nos distintos ámbitos.
- Tarefas de coordinación interna.
- Tarefas de apoio:
  - Apoio ao Plan de Acción Titorial.
  - Apoio ao Plan de Orientación Académica e Profesional
  - Apoio ao Plan de Atención á Diversidade
  - Apoio á elaboración-revisión do Proxecto Institucional
- Participación e aportacións da CCP e Claustro de profesores
- O funcionamento do propio departamento como equipo de traballo.

Marín, a 3 de setembro de 2008

O Xefe do Departamento de Orientación

Juan Carlos Piñeiro Rosales